TURISMO DE GALICIA

galicia

Resolución do tribunal de selección, designado para cualificar o proceso de selección para a cobertura do posto de director/a de Profesionalización na Axencia de Turismo de Galicia, pola que se fai pública a valoración provisional dos apartados de formación e experiencia recollidos na base oitava recollida na Resolución do 24 de outubro de 2023 pola que se anuncia a convocatoria do devandito posto.

En sesión que tivo lugar o 18 de decembro de 2023, o tribunal nomeado por Resolución do 13 de decembro de 2023, para avaliar o proceso de selección para a cobertura do posto de director/a de Profesionalización,

ACORDOU:

Primeiro. Facer pública, como anexo a esta resolución, a valoración provisional do apartado 1.1.1 Formación e apartado 1.1.2 Experiencia , da base oitava, da Resolución do 24 de outubro de 2023, con indicación da puntuación total obtida polas persoas aspirantes, así como a súa desagregación por epígrafes.

Segundo. Tal como figura na base oitava, as persoas aspirantes disporán dun prazo de tres días hábiles, contados desde o seguinte ao da súa publicación no portal web, para presentaren as reclamacións que consideren oportunas.

Terceiro. De acordo co disposto no punto 1.2 da base oitava, para valorar o plan de actuación (número 1.2), o/a candidato/a deberá obter, cando menos, 35 puntos na parte de méritos (1.1).

As reclamacións presentaranse por medios electrónicos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (código de procedemento xenérico PR004A) https://sede.xunta.gal; no Rexistro da Axencia de Turismo de Galicia (A Barcia, estrada Santiago-Noia, km. 3, 15897 Santiago de Compostela), ou nas oficinas previstas no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Neste caso deberá remitirse unha copia escaneada da reclamación presentada ao seguinte enderezo electrónico: xuridico.turismo@xunta.gal, e antes da finalización do prazo de presentación das reclamacións.

Santiago de Compostela, data da sinatura dixital

O Presidente

Guillermo C. Otero Piñeyro-Maseda

Estrada Santiago Noia, km 3 (A Barcia)
15897 Santiago de Compostela
turismo.gal

CVE: Zos7o7wOG2a7
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

TURISMO DE GALICIA

galicia

ANEXO

Puntuacións provisionais obtidas nos apartados de formación e experiencia do proceso de selección para a cobertura do posto de persoal directivo da Axencia de Turismo de Galicia

CÓDIGO: PX.A20.00.005.15770.001

DENOMINACIÓN: director/a de Profesionalización

ANO DA CONVOCATORIA: 2023

PUBLICACIÓN DA CONVOCATORIA: DOG núm. 208, do 2 de novembro de 2023

DATA DE PUBLICACIÓN DA LISTAXE: 19.12.2023

Táboa I

| APELIDOS, NOME | NIF | FORMACIÓN | EXPERIENCIA | TOTAL |
|---|---|---|---|---|
| Paz Gestoso, José | ***5542** | 18 | 27,5 | 45,5 |
| Rial Sierra Luis | ***7993** | 8 | 15 | 23 |

Táboa II

| APELIDOS, NOME | NIF | Puntuacións punto 1.1 base oitava | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | 2ª licenciatura/ posgrao | Inglés B2 ou superior | Inglés B1 | Outros idiomas B2 ou superior | Outros idiomas B1 | Tarefas dirección | Tarefas planificación, elaboración e xestión campañas promoción | Tarefas formación |
| Paz Gestoso, José | ***5542** | 10 | 6 | 0 | 2 | 0 | 15 | 10 | 2,5 |
| Rial Sierra, Luis | ***7993** | 0 | 6 | 0 | 2 | 0 | 0 | 10 | 5 |

Asinado por: OTERO PIÑEYRO MASEDA, GUILLERMO
Cargo: Sub. Xeral
Data e hora: 18/12/2023 14:28:16

CVE: Zos7o7wOG2a7
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Estrada Santiago Noia, km 3 (A Barcia)
15897 Santiago de Compostela
turismo.gal